

# **ACORDO MULTILATERAL DE TRABAJO ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA E OS ÓRGANOS CENTRAIS DE ESTATÍSTICA DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN EN MATERIA ESTATÍSTICA**

## **REUNIDOS**

D<sup>a</sup>. Carmen Alcaide Guindo, presidenta do Instituto Nacional de Estatística, en nome e representación do mesmo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 5.2 do Estatuto do Instituto Nacional de Estatística aprobado mediante Real Decreto 508/2001, de 11 de maio,

D. Juan Antonio Fernández Cordón, director do Instituto de Estatística de Andalucía, en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto 168, de 4 de maio de 2004, do Consello de Goberno da Xunta de Andalucía, e das atribucións que lle veñen conferidas polo artigo 31.3 da Lei 4/1989, de 12 de decembro, de Estatística da Comunidade Autónoma de Andalucía, en nome e representación do Instituto de Estatística de Andalucía,

D<sup>a</sup>. Eva Pardos Martínez, directora xeral de Política Económica, no exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 93/2005, de 26 de abril, do Goberno de Aragón, polo que se establece a estrutura orgánica do Departamento de Economía, Facenda e Emprego,

D. Carlos Aparicio Roqueiro, director xeral de Economía da Consellería de Economía e Asuntos Europeos do Principado de Asturias, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 24.2 do Decreto 102/2007, de 25 de xullo, de estrutura orgánica básica da Consellería de Economía e Asuntos Europeos,

D. Andreu Sansó Roselló, vicepresidente do Consello Reitor e director do Instituto de Estatística das Illas Baleares, actuando en representación do mesmo e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 9 do Decreto 128/2007, de 5 de outubro, de organización e funcionamento do Instituto de Estatística das Illas Baleares, modificado polo Decreto 15/2008, de 15 de febreiro,

D. José Manuel Soria López, conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Canarias, nomeado en virtude do Decreto 208/2007, de 13 de xullo, do Presidente, na súa calidade de presidente da Comisión Executiva do Instituto Canario de Estatística, actuando en nome e representación do mencionado Organismo Autónomo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 7.4 do Decreto 48/1992 de 23 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orgánico do Instituto Canario de Estatística,

D. Juan Manuel Rodríguez Poo, director do Instituto Cántabro de Estatística, actuando en representación do mesmo e no exercicio das competencias atribuídas

polo Decreto 3/2005, de 13 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do Instituto Cántabro de Estatística,

D<sup>a</sup>. María Paz Rodríguez Cantero, directora xeral de Estatística da Consellería de Facenda da Xunta de Castela e León, en virtude do seu nomeamento mediante Acordo 147/2007, de 19 de xullo, da Xunta de Castela e León, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11.K da Lei 7/2000, de estatística de Castela e León,

D. César Lalanda Fernández, director do Instituto de Estatística de Castela-A Mancha, actuando en representación do mesmo, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 31/2006, de 14 de marzo e en exercicio das facultades conferidas polo artigo 30 da Lei 10/2002, de 21 de xuño, de estatística de Castela-A Mancha,

D<sup>a</sup>. Anna Ventura Estalella, directora do Instituto de Estatística de Cataluña, organismo autónomo administrativo do Departamento de Economía e Finanzas da Xeneralidade de Cataluña, segundo nomeamento outorgado polo Decreto 92/2007, de 17 de abril, e en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 7 do Decreto 34/2003, de 21 de xaneiro, de organización e funcionamento do Instituto de Estatística de Cataluña,

D<sup>a</sup>. Clara Isabel Sánchez Martín, directora xeral de Coordinación Económica da Xunta de Extremadura, actuando en representación da mesma, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 2 do Decreto 185/2007, de 20 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Comercio e Innovación e polos artigos 23 e 24 da Lei 4/2003, de 20 de marzo, de estatística da Comunidade Autónoma de Extremadura,

D. José Colino Sueiras, director do Instituto Galego de Estatística, actuando en representación do mesmo, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 40 da Lei 9/1988, de 19 de xullo, de estatística de Galicia,

D. Fernando Merry del Val y Díez de Rivera, conselleiro de Economía e Consumo da Comunidade de Madrid, en virtude do Decreto 12/2007, de 20 de xuño, polo que se dispón o seu nomeamento, en uso das atribucións que lle foron conferidas polo artigo 41 da Lei 1/1983, de 13 de decembro, de Goberno e Administración da Comunidade de Madrid, e en uso da facultade que lle confire o apartado terceiro do artigo 4, da Lei 8/1999, de 9 de abril, de adecuación da normativa da Comunidade de Madrid á Lei estatal 4/1999, de 13 de xaneiro, na redacción dada pola Lei 1/2001, de 29 de marzo, sobre os órganos competentes para a subscripción de convenios,

D<sup>a</sup>. Esther Ortiz Martínez, directora xeral de Economía e Planificación da Comunidade Autónoma de Murcia, en virtude das competencias conferidas polo Decreto 151/2007, de 6 de xullo, polo que se establece os órganos directivos da Consellería de Economía, Empresa e Innovación,

D. Iosu Ardaiz Loyola, director do Instituto de Estatística de Navarra e en representación do mesmo, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 1.i da Lei foral 11/1997, de 27 de xuño, de estatística de Navarra e o artigo 14 do Decreto

foral 118/2007, de 3 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica do Departamento de Economía e Facenda,

D. Mauricio Beltrán Pascual, director do Instituto de Estatística da Rioxa, actuando en representación do mesmo, en base ao artigo 6.2.3.1 g do Decreto 40/2007, de 13 de xullo, polo que se aproba a estrutura orgánica e as funcións da Consellería de Facenda,

D. Gerardo Camps Devesa, conselleiro de Economía, Facenda e Emprego e vicepresidente segundo do Consello da Xeneralidade Valenciana, en representación do Instituto Valenciano de Estatística, na súa calidade de presidente nato do mesmo, en función do previsto no artigo 5.a e b do Decreto 65/1998 de 26 de maio, do Goberno Valenciano polo que se aproba o Regulamento orgánico e funcional do Instituto Valenciano de Estatística,

## **ACORDAN**

Subscribir o documento *Actuacións para desenvolver a cooperación estatística entre o Instituto Nacional de Estatística e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas*, que figura a continuación.

**Actuacións para  
desenvolver a  
cooperación estatística  
entre o Instituto  
Nacional de Estatística  
e os órganos centrais  
de estatística das  
comunidades  
autónomas**

# Actuacións para desenvolver a cooperación estatística entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas

Unha das características inherentes a toda sociedade democrática é a da súa capacidade para ofrecer información sobre o seu funcionamento, de forma que permita coñecer a súa evolución así como realizar comparacións entre diferentes ámbitos territoriais, tanto no plano nacional como internacional. A estatística oficial desempeña un papel fundamental nesta misión. O Grupo INE e Comunidades Autónomas do Relatorio do CITE sobre o Sistema Estatístico Español preparou este documento co obxectivo de desenvolver a cooperación estatística entre os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas e o INE, a fin de mellorar o sistema de estatísticas oficiais en España.

Este documento desenvolve unicamente un aspecto parcial do mandato que o Relatorio recibiu do CITE no momento da súa creación, o que se refire á mellora inmediata da colaboración e a coordinación entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas, que non implican cambios legislativos. Quedan pendentes dun informe posterior os aspectos relacionados coas bases dun sistema estatístico integrado e coas propostas de cambios legislativos que se consideren necesarias.

A experiencia adquirida na implantación das actividades de cooperación que se derivan deste documento permitirían avanzar no futuro cara a unha maior integración do sistema, estendendo o procedemento ao resto de axentes produtores de estatística oficial.

---

## 1 Principios fundamentais polos que ha de rexerse a estatística oficial

A adopción de calquera medida que afecte ao funcionamento do sistema estatístico oficial debe facerse sempre de forma que non se vulneren os principios fundamentais que han de rexer o desenvolvemento da función estatística pública e que están recollidos na diferente normativa, autonómica, nacional e internacional.

En abril de 1994 a Comisión de Estatística de Nacións Unidas nunha sesión especial aprobou os *Principios fundamentais da Estatística Oficial*, que constitúen un referente obrigado en calquera intento de mellora na articulación do sistema estatístico oficial.

Aínda que todos os Principios Fundamentais da Estatística Oficial de Nacións Unidas han de ser tidos en conta, no presente documento incídese basicamente naqueles que están máis directamente relacionados co propósito do mesmo. Así, no principio nº 8 menciónase que *a coordinación entre os organismos de estatística a nivel nacional é indispensable para lograr a coherencia e eficacia do sistema estatístico*.

O principio nº 5 establece que *os datos poden obterse de todo tipo de fontes, xa sexan enquisas, estatísticas ou rexistros administrativos. Os organismos han de seleccionar a fonte con respecto á calidade, a oportunidade, o custo e a carga que lles imporán.*

Outro principio que debe ser considerado neste contexto é o nº 9, segundo o cal *a utilización polos Organismos de estatística oficial de cada país de conceptos, clasificacións e métodos internacionais fomenta a coherencia e eficacia dos sistemas estatísticos a nivel oficial.*

Un segundo referente internacional significativo é o *Regulamento sobre a estatística comunitaria*, aprobado no seo da Unión Europea (UE) en febreiro de 1997, co obxectivo de crear un marco legislativo para a elaboración de estatísticas comunitarias da UE. Segundo o citado Regulamento, os principios polos que se ha de guiar a produción estatística comunitaria son a imparcialidade, fiabilidade, pertinencia, relación custo/eficacia, o segredo estatístico e a transparencia.

Outro patrón de referencia internacional é o Código de Boas Prácticas das estatísticas europeas, publicado na *Recomendación da Comisión Europea de abril de 2005*, apoiado polo Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (ECOFIN), e que está baseado en quince principios que os organismos de estatística responsables de elaborar e difundir as estatísticas comunitarias han de comprometerse a respectar. Seis destes principios van orientados aos factores institucionais e organizativos que teñen unha incidencia considerable na eficacia e a credibilidade dunha autoridade estatística que elabora e difunde estatísticas europeas. Os principios incluídos nesta contorna son: a independencia profesional, o mandato para a recollida de datos, a adecuación dos recursos, o compromiso de calidade, a confidencialidade estatística, a imparcialidade e a obxectividade.

O director da autoridade estatística ten, ou debe ter, un nivel xerárquico suficientemente elevado como para garantir un acceso de alto nivel ás autoridades políticas e aos órganos públicos de carácter administrativo. Debe ser unha persoa de gran capacidade profesional.

Outros catro principios diríxense aos procesos estatísticos, sinalando que as estatísticas para ser consideradas de calidade deben apoiarse nuns procedementos adecuados. Estes principios son os de metodoloxía sólida, procedementos estatísticos adecuados, unha carga para os enquisados que non sexa excesiva e relación custo-eficacia.

Os cinco últimos principios van referidos á produción estatística e son os de pertinencia, precisión e fiabilidade, oportunidade e puntualidade, coherencia e comparanza e accesibilidade e claridade.

Ademais destes referentes internacionais a seguir, a propia Lei 12/1989, de 9 de maio, da Función Estatística Pública (LFEP), recoñecía xa moitos dos aspectos sinalados anteriormente. Así, por exemplo, no seu artigo 5º fai referencia á necesidade de establecer acordos para homoxeneizar os instrumentos estatísticos: conceptos, definicións, unidades estatísticas, clasificacións, nomenclaturas e códigos, que posibiliten a comparanza, a integración, a análise dos datos e os resultados obtidos, aínda no caso de que sexan usados en

estadísticas de interese exclusivamente autonómico, aos efectos de permitir un mellor aproveitamento e utilización dos datos e a produción estatística.

*Así mesmo o artigo 6 da citada Lei indica que os servizos estatísticos estatais e autonómicos establecerán as fórmulas de cooperación que en cada momento poidan resultar máis idóneas para aproveitar ao máximo as informacións dispoñibles e evitar a duplicación innecesaria das operacións de recollida de datos ou calquera outras.*

As distintas leis autonómicas de estatística recollen igualmente moitos dos aspectos sinalados anteriormente.

En resumo, considerando os principios de Nacións Unidas, do Regulamento sobre a estatística comunitaria, do Código de Boas Prácticas, da LFEP e das distintas leis autonómicas, o sistema estatístico oficial debe ser un sistema coordinado no que se respecte a independencia profesional e científica, se aproveiten todas as fontes de información dispoñibles, se utilicen instrumentos estatísticos perfectamente harmonizados, se garantan a imparcialidade, fiabilidade, pertinencia e comparanza das estatísticas, se optimicen os recursos dispoñibles, se evite sobrecargar de traballo aos informantes, se controle a calidade en todas as fases do proceso estatístico, se garanten a transparencia e o segredo estatístico e se teña en conta a relación custo-eficacia.

---

## **2 Configuración do Sistema Estatístico Español e actuacións que veñen desenvolvendo en materia de cooperación estatística entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas**

---

### **2.1 CONFIGURACIÓN DO SISTEMA ESTADÍSTICO ESPAÑOL**

O funcionamento da actividade estatística pública en España destaca polo seu alto nivel de complexidade.

Por unha banda, a LFEP ao amparo do disposto no artigo 149.1.31 da Constitución que determina a competencia exclusiva do Estado en estatística para fins estatais, regula a actividade estatística do denominado Sistema Estatístico Nacional configurado polo Instituto Nacional de Estatística como órgano coordinador do sistema, polos Servizos Estatísticos dos Ministerios e organismos deles dependentes e polo Banco de España. A LFEP, ademais de establecer as normas básicas para o funcionamento da estatística (planificación, obriga de facilitar datos polos informantes, obriga de difundir os datos estatísticos, o segredo estatístico, o sistema de sancións), establece os órganos de coordinación do citado sistema.

Desta forma créase a Comisión Interministerial de Estatística (CIME), órgano de participación dos produtores do sistema; o Consello Superior de Estatística, órgano de encontro de produtores e usuarios de estatística, cuxa función é emitir opinión sobre o funcionamento do sistema e sobre as necesidades de información en materia de estatística, así como elaborar propostas de mellora; e para rematar,

o Comité Interterritorial de Estadística (CITE), como organismo regulador das relacións estatísticas entre os servizos estatísticos da Administración Xeral do Estado (INE, servizos estatísticos ministeriais) e os órganos estatísticos das comunidades autónomas.

Desde 1989, o desenvolvemento do sistema estatístico nacional estivo fortemente condicionado polos requirimentos internacionais, en especial da Unión Europea que automaticamente pasan a formar parte das obrigacións estatísticas ás que ha de dar resposta o Sistema Estatístico Nacional. Os regulamentos e demais normativas comunitarias que se han de cumprir, reforzan e complementan, en moitos casos, a propia Lei da Función Estatística Pública.

Por outra banda, as comunidades autónomas, en virtude do establecido nos seus correspondentes Estatutos de Autonomía, configuraron os seus propios sistemas estatísticos de forma máis ou menos semellante ao Sistema Estatístico Nacional; en concreto, dispón, na súa maioría, dunha Lei que regula a actividade estatística pública na Comunidade, o Instituto Autonómico de Estadística, a Comisión Autonómica de Estadística constituída polos órganos produtores de estatística, que neste caso son o instituto autonómico e os servizos estatísticos das consellerías, principalmente, e o consello autonómico de estatística, constituído de xeito similar ao Consello Superior de Estadística.

A iso hai que engadir que, no momento actual, o grao de desenvolvemento dos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas é desigual. Existen institutos autonómicos con importantes recursos e actividade e outros nos que os seus recursos son moi limitados.

En definitiva, coexisten un sistema estatístico nacional coordinado polo INE e dezasete sistemas estatísticos autonómicos con desenvolvemento desigual, coordinados polos seus correspondentes órganos centrais de estatística, nun marco normativo que promove a evolución e o crecemento simultáneos da estatística da Administración Xeral do Estado e da estatística das administracións autonómicas nos seus respectivos ámbitos territoriais.

---

## 2.2 ACTUACIÓNS QUE VEÑEN DESENVOLVENDO EN MATERIA DE COOPERACIÓN ESTATÍSTICA ENTRE O INE E OS ÓRGANOS CENTRAIS DE ESTATÍSTICA DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

É obrigado sinalar que se realizaron, e están a se realizar, notables esforzos por todas as partes implicadas para intentar que este complexo sistema, como é o sistema estatístico en España, funcione do xeito máis eficiente posible de forma que se respecten os principios fundamentais que deben rexer a estatística oficial e que foron mencionados no apartado anterior.

Na actualidade, a cooperación estatística entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas céntrase fundamentalmente naqueles aspectos ou proxectos para os que existe un requirimento específico, sendo este satisfeito procurando sempre mellorar o funcionamento do sistema estatístico.

Estas actuacións teñen, xa que logo, como obxectivo evitar as posibles desviacións no cumprimento dos principios comentados anteriormente que o modelo de autonomía das partes e colaboración voluntaria puidese xerar e que se



poderían resumir nas seguintes: falta de comparabilidade entre algunhas estatísticas estatais e das comunidades autónomas, diferentes medicións dun mesmo fenómeno, e a excesiva carga de traballo aos informantes, fundamentalmente no sector empresas.

Entre as actuacións desenvolvidas cómpre salientar a subscrición, a proposta do INE, de acordos marco en materia de cooperación estatística e intercambio de información que contribuíron a sistematizar e actualizar permanentemente este intercambio. Tamén se subscribiron convenios ao obxecto de fomentar a colaboración para a realización de operacións estatísticas nas que conflúe o interese estatal e o autonómico. Existen actualmente dezaseis acordos marco e máis de sesenta convenios de colaboración vixentes entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas. Para rematar, outra vía eficaz de colaboración foi a constitución de diversos grupos de traballo metodolóxicos.

En canto aos grupos de traballo, neste momento están operativos os seguintes:

- Grupo de traballo para a elaboración dos Índices do comercio polo miúdo (ICM) por comunidades autónomas e Indicadores de actividade do sector servizos (IASS)
- Grupo de traballo para a estimación de áreas pequenas
- Grupo de traballo para a estimación do aloxamento privado de uso turístico
- Grupo de traballo entre o INE e as comunidades autónomas sobre contas económicas
- Grupo de traballo para a recollida dos cuestionarios da Enquisa de ocupación hostaleira utilizando ficheiros XML
- Grupo de traballo para o proxecto da enquisa social
- Grupo de traballo da Clasificación nacional de actividades económicas
- Grupo de traballo de Censos de poboación de 2011

---

### **3 Actuacións para o desenvolvemento da cooperación**

Dentro do obxectivo xeral de aumentar a integración dos sistemas estatísticos no seo do Estado español, o obxectivo fundamental da mellora da cooperación estatística entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas que aquí se expón, debe ser o de conseguir a maior integración posible dos procesos estatísticos de interese común e dos seus resultados, promovendo as actuacións necesarias para a súa consecución e realizando un seguimento continuo da súa evolución.

En todo momento hanse de ter presente os principios fundamentais que han de rexer a estatística oficial, sendo especialmente relevante o que fai mención á redución da carga de información das unidades informantes.

Todos os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas xunto co INE participarán na identificación das necesidades de información estatística e as súas posibles liñas de mellora no seo do Foro Rexional de Estatística, órgano formado por representantes do INE e dos órganos centrais de estatística das CCAA.

Dentro do Foro Rexional de Estatística (FRE) crearase unha estrutura de grupos de traballo, para tratar temas concretos sobre a mellora da coordinación entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas. O FRE establecerá un mandato claro en canto aos obxectivos, composición, calendario... dos grupos de traballo e poderá contar coa participación das persoas das institucións representadas no FRE que se consideren oportunas.

Pola súa banda, os acordos alcanzados no FRE non serán vinculantes e só serán asinados polos que, de satisfaceren os requisitos que se fixen en cada momento, voluntariamente queiran avanzar nesa dirección. Os acordos do FRE serán difundidos a todos os seus membros a través das correspondentes actas.

Os ámbitos do proceso de produción estatística nos que se propón desenvolver a cooperación sen necesidade de modificar a lexislación vixente son os seguintes:

---

### 3.1 PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN

En materia de planificación, o primeiro obxectivo debería ser a elaboración dun inventario consolidado de todas as operacións estatísticas da Administración Pública que proporcione unha visión global da produción estatal e das comunidades autónomas. A realización do Inventario será encomendada polo FRE ao Grupo de Traballo de Inventario de operacións estatísticas, constituído no seu seo.

Así mesmo este grupo de traballo tamén debería identificar as operacións estatísticas nas que conflúe o interese estatal co autonómico e establecer os oportunos procedementos de coordinación.

En materia de coordinación, ademais de continuar coa liña de traballo que se levou a cabo nos últimos anos, orientada a evitar posibles disfuncións, deberíase establecer o obxectivo de conseguir maiores sinerxías entre as institucións envoltas no sistema estatístico.

Para rematar, no que se refire á cooperación no ámbito internacional, establecerase un espazo de colaboración en Internet accesible polo INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas (OCECA), onde se poida consultar a información máis relevante que se xere nos diversos grupos de traballo internacionais e que inclúa unha caixa de correos a través do cal o INE poida recibir suxestións dos OCECA sobre estas materias.

---

### 3.2 HARMONIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA ESTADÍSTICA

A harmonización da información estatística é un elemento básico na súa produción. A continuación propónse unha serie de actuacións encamiñadas a

impulsar e garantir dita harmonización e mellorar algúns elementos de infraestrutura estatística. En particular levarán a cabo as seguintes:

---

### 3.2.1 Impulsar os sistemas de conceptos, definicións e clasificacións comúns

Co obxecto de asegurar a comparanza e coherencia de calquera información propónse a creación dun grupo específico para revisar as principais definicións, conceptos, unidades, variables e clasificacións estatísticas utilizados que fosen o embrión dun sistema de metadatos para todas as institucións e que garantise, ademais da correcta interpretación da información, a comparanza e coherencia da mesma.

---

### 3.2.2 Mellorar a coordinación na elaboración e actualización de directorios, marcos de enquisas e roteiros.

A dispoñibilidade de bos directorios constitúe un elemento fundamental na elaboración de estatísticas de calidade. Entre os directorios e marcos de enquisas estatísticas máis importantes, pódense mencionar o rexistro de poboación, o directorio de unidades económicas, de establecementos hostaleiros, de establecementos sanitarios, de servizos sociais, de explotacións agrícolas... Igualmente, a utilización duns rúeiros homoxéneos é vital para desenvolver os sistemas de información xeográfica que permitan dar información xeorreferenciada.

Propónse a creación dun grupo de traballo sobre directorios, marcos de enquisas e roteiros, para mellorar a situación actual, que tivese en conta as seguintes premisas:

1. A información básica para elaborar un directorio será a procedente de fontes administrativas. Por este medio conséguese unha actualización máis frecuente cun menor custo e menor molestia aos informantes. Ademais, tamén se utilizará a información procedente de enquisas ou doutros traballos estatísticos que permita actualizar os directorios e marcos de enquisas.
2. A elaboración e actualización dos directorios e marcos de enquisas serán concertadas pero, co gallo da eficacia, deben recaer nunha única institución, que teña un procedemento único de xestión e defina unhas regras de xerarquía entre fontes.

---

### 3.2.3 Facilitar o incremento dos tamaños mostrais nas enquisas a petición das comunidades autónomas

As comunidades autónomas poderán expor unha ampliación de mostra para o ámbito territorial da súa competencia, en calquera operación estatística.

Con estes incrementos de mostra preténdese evitar que se produzan duplicacións de enquisas, favorecendo a coherencia dos datos da estatística oficial e minimizando, na medida do posible, a carga de resposta aos informantes.

No entanto, o momento idóneo para reformular o tamaño mostral dun territorio determinado é cando se proxecta unha nova operación estatística ou un cambio substancial dunha xa existente (cambio de base...).

Os aumentos de mostra deberían estar regulados, polo que habería que chegar a un consenso sobre unhas normas de actuación que determinen os períodos e procedementos para a súa implantación.

O INE elaborará un protocolo para o procedemento de ampliacións de mostra que será consensuado cos órganos estatísticos das comunidades autónomas.

---

### 3.3 RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

O obxectivo nesta materia é que a colaboración establézase de modo que se garanta a homoxeneidade da información obtida, de xeito que o ficheiro final ha de ser único e reunir unhas condicións de calidade óptimas.

Ademais da homoxeneidade, outros principios por considerar son a menor carga posible dos informantes, o cumprimento de calendarios e dos requirimentos de información nacionais e internacionais así como que a responsabilidade do procedemento sancionador vaia ligada á recollida de información.

O ficheiro final unicamente poderá ser modificado polo responsable último da operación estatística. No caso de que isto suceda notificarase a todos os axentes implicados en devandita operación.

Calquera sistema de recollida de información debe garantir que os procesos estean suficientemente detallados como para que se poida verificar o control dos mesmos. Neste sentido habería que especificar fundamentalmente os seguintes aspectos:

1. Método de recollida (CATI, PAPI, CAPI, cuestionario autoadministrado...)
2. Definición das incidencias e o seu posible tratamento, cocientes de traballo
3. Instrumentos de recollida: cartas de presentación, instrucións, cuestionarios, cartas de anuncio de nova visita, teléfonos 900...
4. Selección e formación do persoal relacionado coa recollida de información
5. Procedemento de seguimento e de inspección
6. Normas de depuración, imputación e validación
7. Calendario de recollida
8. Procedemento sancionador

No caso das enquisas a empresas hai que ter en conta, entre outros aspectos, o tratamento das grandes empresas, a recollida por Internet e a coordinación das mostras e variables recollidas nas enquisas, co fin de reducir na medida do posible a carga que as unidades informantes soportan. O procedemento sancionador deberá estar totalmente integrado coa recollida xa que as actuacións previas ao procedemento, a súa iniciación e a súa revogación dependen de se se

remitiu ou non o cuestionario suficientemente cuberto. Sería desexable, por iso, que nos casos da recollida compartida se utilizaren procedementos e contías harmonizados.

---

### 3.4 DIFUSIÓN

De acordo co Código de Boas Prácticas, as estatísticas deberán presentarse de forma clara e comprensible. A colaboración debe materializarse, xa que logo, de maneira que se garanta que o usuario teña acceso á información de forma fácil e co menor custo posible, que se cumpran os calendarios autonómicos, nacionais e internacionais e que se salvagarde o segredo estatístico.

As liñas de actuación en materia de difusión han de establecerse respecto de dous criterios fundamentalmente:

- Nivel de detalle da información a difundir
- Data e procedemento a través do que se efectuará a difusión da información

Tendo en conta estes dous criterios de forma conxunta e en función do carácter da operación estatística a difundir realízanse as seguintes propostas de actuación:

---

#### 3.4.1 Estatísticas estruturais

Os diferentes organismos envoltos en cada operación estatística deberían establecer con certa antelación a data de publicación, ou polo menos un intervalo de tempo, na cal está previsto difundir as diferentes operacións estatísticas de carácter anual ou plurianual. De acordo coas recomendacións internacionais, fundamentalmente o Código de Boas Prácticas, a difusión da información farase de forma sincronizada entre as institucións implicadas na operación estatística e na data previamente convida.

Co fin de facilitar a análise e a redacción da nota de prensa por parte dos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas facilitaranse, baixo embargo, os datos relativos á propia Comunidade Autónoma así como aqueles que fagan referencia ao total nacional. Estas notas de prensa estarán referidas exclusivamente á información específica da Comunidade Autónoma.

En canto ao contido da nota de prensa, o INE na súa nota de prensa unicamente publicaría os resultados nacionais e a comparativa por comunidades autónomas, sen entrar a analizar os datos dentro da comunidade, provinciais ou outros, se os houber. Nas súas bases de datos cargaríanse os resultados detallados sen máis limitación que a que estableza o propio deseño da operación estatística.

O mesmo día D acordado para a publicación, o INE difundiría tanto a nota de prensa como os resultados detallados nas súas bases de datos, agás aqueles que resulten de incrementos de mostra, ou de novas variables ou desagregacións, que sexan requiridos pola propia Comunidade Autónoma e que virán estipulados a través dun acordo ou convenio de colaboración.

---

#### 3.4.2 Indicadores conxunturais

O acordo en canto á difusión destes indicadores consistiría na remisión baixo embargo dos datos propios de cada comunidade autónoma un día antes á data prevista de publicación. Os datos correspondentes ao total nacional remitiríanse baixo embargo cunha hora de antelación á hora prevista de difusión. Desta forma os órganos centrais de estatística de cada comunidade autónoma disporían da información para elaborar unha nota de prensa que sería obxecto de publicación de forma sincronizada, en día e hora, previstos polo INE no seu calendario de dispoñibilidade de estatísticas conxunturais.

En canto ao contido, o INE renunciaría na súa nota de prensa a publicar datos intracomunitarios, pero non así na súa base de datos onde se cargarían os resultados detallados.

Madrid, a 26 de marzo do 2008